

1.2.-



DEMANDA INTERNA

A evolución da demanda interna foi o elemento impulsor do crecemento económico en 1998, nun momento en que o sector exterior continúa perdendo forza por mor, neste ano, da crise financeira experimentada nalgúns países emergentes.

Os diferentes indicadores do consumo privado amosaron unha aceleración da súa recuperación, onde destaca o comportamento da importación de bens de consumo, que creceu un 28,7% no ano 1998 en relación ó ano anterior, cando a súa taxa de crecemento foi do 20,4%.

En canto ó investimento, os indicadores da súa evolución e o descenso dos tipos de xuro reflecten un bo comportamento do investimento privado, en tanto que o investimento público non segue a mesma tendencia, ó descende-la licitación pública das diferentes administracións.

Pola súa banda, o investimento estranxeiro en Galicia experimentou un descenso do 23,3% respecto ó ano 1997, ó contrario do que acontece no resto do estado, onde creceu un 3,08%. O investimen-

to estranxeiro en Galicia en 1998 representou o 0,30% do total de España. O peso relativo deste investimentos só superou ó correspondente ás comunidades de Cantabria, Estremadura e Ceuta e Melilla.

Finalmente, en relación ó grao de execución do Programa Operativo de Galicia 1998 e a súa distribución por órganos executores, neste ano executouse un 15% máis do que se tiña presupostado. O principal órgano executor foi a Administración autonómica, con 185,57 millóns de euros (un 32,22% superior ó que estaba programado), seguida da Administración central (especialmente o Ministerio de Fomento), con 181,34 millóns de euros.

1.2.1.- Consumo

O **consumo privado** continúa a súa evolución positiva en 1998, segundo reflecten os principais indicadores económicos do consumo privado desde un punto de vista coxuntural, recollidos no **adro 1.2.1.1.**

En Galicia, o comportamento das

1.2.

CADRO 1.2.1.1. Indicadores do consumo privado en Galicia e España 1997-98: taxas de variación interanuals

	Galicia		España	
	1997	1998	1997	1998
Consumo de enerxía eléctrica	1,9	-	3,9	6,9
Consumo aparente de gasolina	-3,2	0,2	-2,7	10,8
Importacións de bens de consumo	20,4	28,7	16,8	17,6
Tráfico aéreo de pasaxeiros	9,8	-1,3	7,9	7,1
Ocupación hoteleira (1)	8,1	8,3	5,4	6,9
Matriculación de turismos	9,9	14,3	12,8	17,2

(1) pernoctacións en establecementos hoteleiros

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE, IGE, AOP, AENA, ICEX

CADRO 1.2.1.2.

Tipos de xuros referentes a créditos para o consumo 1996-98

	(en %)	
	Bancos	Caixas de aforros
1996	12,84	11,61
1997	10,68	10,01
1998		
Xaneiro	10,52	9,52
Febreiro	10,36	9,50
Marzo	10,29	9,39
Abril	10,25	9,33
Maio	10,23	9,29
Xuño	10,21	9,28
Xullo	10,22	9,20
Agosto	10,21	9,19
Setembro	10,21	9,07
Outubro	10,14	8,70
Novembro	10,02	8,65
Decembro	9,94	8,57

Fonte: Banco de España

importacións de bens de consumo que experimentan un importante crecemento en 1998, a evolución da ocupación hoteleira, a matriculación de turismos e o consumo de gasolina son indicadores que permiten ser optimistas respecto ó futuro, xa que o seu crecemento é superior ó experimentado o ano anterior. Pola contra, a taxa de crecemento do tráfico de pasaxeiros descende en relación á rexistrada o ano anterior, sendo negativa en 1998.

En España, os indicadores de consumo privado amosan a mesma tendencia positiva e, a diferencia do que acontece en Galicia, a taxa de crecemento do tráfico de

pasaxeiros é positiva, aínda que inferior á existente no ano anterior.

A evolución dos tipos de xuro tamén tivo o seu impacto neste apartado. O **cadro 1.2.1.2.** reflicte o importante descenso experimentado nos tipos de xuro dos créditos ó consumo. No ano 1998, o seu descenso no caso dos bancos e das caixas de aforro foi de 0,58 puntos e 0,95 puntos, respectivamente.

A renda familiar bruta dispoñible (RFBD) é un indicador do poder de compra das familias, o que xustifica a importancia da súa análise. Segundo os datos

CADRO 1.2.1.3.

Renda familiar bruta disponible (poder de compra) nas CC.AA. 1997-98

	RFB'D (poder de compra)		Renda familiar (poder de compra) por habitante		Índice por habitante	
	1997 (en miles de pesetas)	1998 (en miles de pesetas)	1997 (en pesetas)	1998 (en pesetas)	98/97 (España=100)	1997 1998
Andalucía	9.161.060	9.827.839	7.28	1.267.402	1.354.039	6,84 81,62
Aragón	2.088.773	2.258.133	8.11	1.762.987	1.910.735	8,18 113,53
Asturias	1.597.505	1.689.276	5,74	1.473.471	1.563.995	6,14 94,89
Baleares	1.685.318	1.838.269	9,08	2.142.459	2.294.902	7,12 137,97
Canarias	2.477.270	2.652.800	7,09	1.528.006	1.617.753	5,87 98,40
Cantabria	808.667	869.533	7,53	1.533.364	1.651.356	7,69 98,74
Castela A Mancha	2.410.793	2.580.131	7,02	1.404.668	1.500.289	6,81 90,46
Castela e León	3.904.586	4.223.186	8,16	1.565.087	1.704.003	8,88 100,79
Cataluña	10.598.858	11.343.094	7,02	1.725.813	1.842.911	6,79 111,14
C. Valenciana	6.287.157	6.732.303	7,08	1.565.905	1.668.931	6,58 100,84
Estremadura	1.447.045	1.546.291	6,86	1.352.564	1.446.351	6,93 87,10
Galicia	3.960.990	4.237.620	6,98	1.450.463	1.556.440	7,31 93,41 93,70
Madrid	8.839.376	9.460.793	7,02	1.742.168	1.854.876	6,47 112,19
Murcia	1.515.415	1.630.271	7,58	1.365.839	1.456.753	6,66 87,96
Navarra	888.929	939.656	8,14	1.644.780	1.771.619	7,71 105,92
Pais Vasco	3.512.741	3.772.404	7,39	1.674.559	1.799.897	7,48 107,84
A Rioxa	478.374	512.479	7,13	1.811.145	1.944.803	7,38 116,63
Ceuta	95.547	101.517	6,25	1.339.638	1.406.696	5,01 86,27
Melilla	73.147	77.396	5,81	1.223.112	1.283.516	4,94 78,77
Total	61.812.151	66.292.991	7,25	1.552.854	1.661.142	6,97 100,00

Fonte: Funcais

CADRO 1.2.1.4.

Consumo público 1997-98: distribución por Administracións

	1997		1998		98/97	
	Xunta (1)	Deputacións	(en miles de pesetas)	Adm. do Estado	Xunta (1)	Deputacións
Gastos de persoal	299.927	11.077.04	55.936.80	317.582	11.607.56	5,9 4,8
Gastos en bens, correntes e servicios	101.036	7.929.62	11.862.12	111.121	7.948.36	10,0 0,2

(1) datos a partir dos presupostos consolidados
Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Xunta de Galicia e da Delegación do Goberno en Galicia

CADRO 1.2.2.1.

Indicadores do investimento en Galicia e España 1997-98: taxas de variación interanuais

	Galicia		España	
	1997	1998	1997	1998
Consumo de cemento	1,7	7,5	10,3	19,5
Licitación oficial de tódalas AA.PP.	143,2	-29,4	2,1	46,9
Licitación oficial da Admon. autonóm.	98,3	-10,6	-3,1	56,1
Importacións de bens de equipo	15,3	25,2	17,8	13,8
Matriculación de vehículos de carga	11,4	8,7	19,7	12,8

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE, IGE, ICEX, OFICEMEN e SEOPAN

facilitados pola Funación das Caixas de Aforros Confederadas, recollidos no **cadro 1.2.1.3.**, o poder adquisitivo creceu en España un 7,25% respecto a 1997, para situarse en 66.292.991 millóns de pesetas. En Galicia, cun incremento do 6,98%, este poder de compra chegou ós 4.237.620 millóns de pesetas. Se se mide o poder de compra a través da renda familiar per cápita, ésta aumentou en tódalas comunidades autónomas. Mentres que en España medrou un 6,97%, en Galicia o seu incremento foi do 7,31%.

En 1998, Galicia mellorou a súa posición relativa respecto a España, e respecto a 1997. Sen embargo, segue a estar por debaixo da media estatal e a súa situación relativa é peor que en 1994 e 1995. Do cadro comparativo coas outras comunidades autónomas, dedúcese que nove comunidades están por riba da media española: Aragón, Baleares, Castela-León, Cataluña, Comunidade Valenciana, Madrid, Navarra, País Vasco, e A Rioxa, e que Galicia está en mellor posición que Andalucía, Castela A Mancha, Estremadura e Murcia, ademais de Ceuta e Melilla.

En canto ó **consumo público**, o comportamento da Administración viuse influído polas políticas destinadas a alcanza-la converxencia nominal cos socios da Unión Europea. Tomando como indicado-

res do comportamento do consumo público os datos recollidos nos capítulos I (gastos de persoal) e II (gastos en bens correntes e servicios) dos presupostos de gasto, o **cadro 1.2.1.4.** reflicte a evolución dos mesmos e o seu nivel en 1998. Estes capítulos creceron un 5,9% e un 10%, respectivamente e destaca a importancia da Xunta.

1.2.2.- Investimento

Á hora de analiza-la evolución do investimento, cómpre consideralo comportamento de diferentes indicadores. O **cadro 1.2.2.1.** reflicte o diferente comportamento do investimento público e privado. O primeiro descendería, xa que a licitación pública das administracións –central e autonómica– descende en 1998. O resto dos indicadores amosan un bo comportamento do investimento privado.

Así, o consumo de cemento, indicador importante da evolución da construcción, continúa coa súa recuperación e resulta ser un dos elementos explicativos da evolución do devandito sector en 1998. Salienta tamén a aceleración das importacións de bens de equipamento, que crecen un 25,2% en 1998 fronte ó 15,3% do ano anterior.

Outra variable que permite compren-

CADRO 1.2.2.2.
Tipo medio dos préstamos hipotecarios a más de tres años 1996-98

	Bancos	Caixas de aforros	Conxunto entidades	(en %)
1995	11,157	10,803	11,010	
1996	8,025	8,345	8,174	
1997	6,196	6,328	6,255	
1998				
Xaneiro	5,988	6,268	6,115	
Febreiro	5,879	6,099	5,980	
Marzo	5,827	5,978	5,896	
Abril	5,659	5,906	5,776	
Maio	5,603	5,817	5,700	
Xuño	5,545	5,744	5,636	
Xullo	5,513	5,690	5,592	
Agosto	5,572	5,697	5,628	
Setembro	5,439	5,680	5,548	
Outubro	5,428	5,575	5,495	
Novembro	5,176	5,440	5,269	
Decembro	5,052	5,265	5,150	

Fonte: Banco de España


CADRO 1.2.2.3.
Stock de capital neto territorializado 1993-94

	Capital privado (1)	Capital público (2)	Capital total	Capital priv./Capital total (%)	Capital publ./Capital total (%)
1991	6.303.989	1.294.822	7.598.811	83,0	17,0
1992	6.452.768	1.399.682	7.852.449	82,2	17,8
1993	6.535.375	1.500.875	8.036.250	81,3	18,7
1994	6.605.526	1.609.104	8.214.630	80,4	19,6

(1) excluído o sector enerxético

(2) inclúe capital das AA.PP. e infraestruturas non AA.PP.

Fonte: Fundación BBV, *El stock de capital en España y su distribución territorial* (1998)

GRÁFICO 1.2.2.1.
Stock de capital neto territorializado 1975-94


Fonte: Fundación BBV, *El stock de capital en España y su distribución territorial* (1998)

de-la evolución do investimento en Galicia é a caída dos tipos medios dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos. O **cadro 1.2.2.2.** reflicte cómo para o conxunto de entidades, o tipo de xuro reduciuse en máis de 3 puntos desde 1996, sendo a súa reducción de case un punto ó longo de 1998.

Motivada en parte pola reducción dos tipos de xuro, constátase unha redución da carga financeira e do coeficiente de endebedamento, tal e como reflicten os **cadros 4.0.7.** (*Evolución da actividade empresarial galega 1996-97: ingresos, gastos e resultados*) e **4.0.10.** (*Rendibilidade e magnitudes asociadas das empresas galegas 1996-97*)

O stock de capital neto territorializado en Galicia para o ano 1994, último dato recollido no libro “El stock de capital en España y su distribución territorial”, publicado en 1998 pola Fundación BBV, ascendeu, tal e como reflicte o **cadro 1.2.2.3.**, a 8.214,6 miles de millóns de pesetas, un 2,22% máis que o ano anterior. Desa cantidade, o 80,4% corresponde ó capital privado, en tanto que o 19,6% restante sería o correspondente ó capital público.

Comparada co resto das comunidades autónomas, o **cadro 1.2.2.4.** reflicte que Galicia está por debaixo da media española tanto no que ó stock de capital neto total se refire, como no caso do stock de capital público e privado.

En 1994, ó igual que no ano anterior, Galicia é a novena comunidade con maior stock de capital neto e stock privado de capital, superada por Andalucía, Baleares, Canarias, Cataluña, A Rioxa, Madrid, Murcia e a C. Valenciana. No caso do volume de stock de capital público, Galicia segue situada no nonavo posto.

1.2.

52

A misma fonte presenta o investimento bruto privado por ramas de actividade. No **cadro 1.2.2.5.** pódese apreciar que os servicios destinados á venda son o sector que máis investimento privado recebe, con 241,5 miles de millóns de pesetas, o que significa o 44,70% do total investido en 1994. Dentro deste sector destacan as comunicacións, co 11,12% do total investido no sector, seguidas das institucións de crédito e seguros, co 10,35%, e a hostelería e restauración, co 8,32%.

O devandito cadro amosa o peso relativo do investimento privado galego no total español. Salienta o peso relativo do investimento privado no sector privado (especialmente na pesca) e no sector de produtos enerxéticos, que superan claramente o peso relativo medio do investimento galego no total estatal.

Investimento estranxeiro

Segundo os expedientes de verificación/autorización de investimentos estranxeiros en España, o investimento estranxeiro en Galicia (IEG) ascendeu a 9.431 millóns de pesetas en 1998, fronte ós 12.294 millóns de pesetas do ano anterior. Como se pode apreciar nos **cadros 1.2.2.6.** e **1.2.2.7.**, o problema radica non só no seu escaso valor en comparación coas outras comunidades autónomas, senón que o importe efectivo do mesmo descende un 23,29% respecto ó ano anterior, cando, para o conxunto do estado, o investimento estranxeiro aumentou nun 3,08%.

O **cadro 1.2.2.7.** reflicte que o investimento estranxeiro en Galicia en 1998 representou o 0,30% do total de España, superando só ó peso relativo destos investimentos ó existente nas comunidades de Cantabria, Estremadura e Ceuta e Melilla.

CADRO 1.2.2.4.
Indices do stock de capital neto total territorializado nas CC.AA. 1994-94

(base 1964=100)

	Capital neto total		Capital público		Capital privado	
	1993	1994	1993	1994	1993	1994
Andalucía	369,9	378,1	828,0	866,9	327,7	333,0
Aragón	308,8	315,8	458,8	476,0	285,0	290,4
Asturias	246,9	250,3	586,1	630,3	216,7	216,5
Baleares	586,3	599,8	653,3	685,9	579,4	590,9
Canarias	575,5	589,6	926,5	972,8	528,5	538,3
Cantabria	252,0	257,9	651,0	692,4	222,8	226,1
Castela-A Mancha	345,0	354,8	564,9	592,0	313,0	320,4
Castela e León	302,8	309,2	470,5	490,0	277,9	282,3
Cataluña	367,9	376,5	740,3	799,4	343,7	349,0
Estremadura	291,1	299,4	588,5	622,0	244,8	249,2
Galicia	360,2	368,2	659,9	707,5	326,2	329,7
A Rioxa	442,0	447,2	844,0	853,4	388,0	392,6
Madrid	371,0	383,8	802,3	840,6	348,7	360,2
Murcia	431,5	444,2	986,4	1.034,5	391,5	401,6
Navarra	334,2	348,0	601,9	635,8	296,2	307,2
País Vasco	251,3	254,9	964,4	1.012,0	211,2	212,2
C. Valenciana	471,0	483,1	893,7	944,4	440,8	450,2
Total	360,0	368,8	704,2	742,9	328,8	334,8

(1) excluído o sector enerxético

Fonte: Fundación BBV, *El stock de capital en España y su distribución territorial* (1998)

CADRO 1.2.2.5.
***Investimento bruto privado en Galicia e España 1993-94:
distribución segundo ramas de actividade***

(en millóns de pesetas) (%)

	Galicia		España		G/E	
	1993	1994	1993	1994	1993	1994
Agricultura	35.896	32.529	262.856	309.746	13,7	10,5
Pesca	4.467	3.863	13.563	12.271	32,9	31,5
Productos enerxéticos	48.306	70.433	535.844	589.032	9,0	12,0
Productos industriais	66.939	67.557	1.527.521	1.397.876	4,4	4,8
Total prod. enerxéticos e industriais	115.245	137.990	2.063.365	1.986.909	5,6	6,9
Construcción	11.893	14.322	157.790	174.922	7,5	8,2
Residencial	113.938	110.200	2.573.190	2.683.580	4,4	4,1
Servicios destinados a venda	226.926	241.570	3.804.712	4.353.565	6,0	5,5
Total territorializado	508.366	540.473	8.875.476	9.520.993	5,7	5,7

Fonte: Fundación BBV, *El stock de capital en España y su distribución territorial* (1998)

Unha **análise xeográfica** deste fluxo de investimento extraída do **cadro 1.2.2.6.** reflicte que o 40,37% do investimento estranxeiro procede da UE (3.807,55 millóns de pesetas), onde salienta, por encima de tódolos países, o investimento do Reino Unido, que ascende a 1.457 millóns de pesetas. As empresas españolas con capital estranxeiro maioritario aportan o 28,51% do investimento estranxeiro en Galicia.

Comparando esta distribución dende o punto de vista xeográfico coa española, o dito **cadro 1.2.2.6.** amosa algunha diferenza salientable. Así, no caso español, hai unha maior concentración nos países da UE, xa que aportan ó 55,36% do total do investimento estranxeiro en España, fronte ó 40% de Galicia. A situación é diferente no caso do investimento de empresas de Estados Unidos, xa que o seu peso relativo en Galicia é superior ó de

CADRO 1.2.2.6.

Expedientes de verificación/autorización de *investimentos estranxeiros en Galicia e España 1997-98: distribución por zonas xeográficas de orixe*

(en miles de pesetas)

	Galicia			España			G/E			1998		
	1997		1998	Importe	1997		Importe	1998		Importe	1998	
	Importe	%	Importe	%	Importe	%	Importe	%	Importe	%	Importe	%
Países UE	11.882,13	90,20	3.807,55	40,37	1.591.849,19	62,05	1.769.175,25	55,36	0,75	0,22		
Francia	5.518,82	41,90	17,34	0,18	353.713,06	13,79	413.646,51	12,94	1,56	0,00		
Bélgica			125,00	1,33	57.393,56	2,24	63.340,18	1,98	-	0,20		
Luxemburgo	1,24	0,01	505,00	5,35	47.183,75	1,84	158.374,69	4,96	0,00	0,32		
Paises Baixos	590,52	4,48	742,30	7,87	434.564,27	16,94	594.239,49	18,59	0,14	0,12		
Alemania	0,00	0,00	504,66	5,35	409.107,22	15,95	235.210,37	7,36	-	0,21		
Italia	0,00	0,00	62,42	0,66	52.873,42	2,06	89.619,32	2,80	-	0,07		
Reino Unido	435,27	3,30	1.457,02	15,45	198.532,74	7,14	122.182,64	3,82	0,22	1,19		
Irlanda			70,00	0,74	3.552,28	0,14	15.971,56	0,50	-	0,44		
Dinamarca			0,50	0,01	1.248,87	0,05	55.764	0,02	-	0,09		
Grecia					0,00	0,00	52,30	0,00	-	-		
Portugal	5.336,28	40,51	323,31	3,43	15.895,50	0,62	39.510,78	1,24	0,82	0,82		
Suecia					14.944,85	0,58	31.992,40	1,00	-	-		
Austria					1.332,17	0,05	4.219,81	0,13	-	-		
Finlandia					1.507,50	0,06	257,56	0,01	-	-		
Países non UE	410,11	3,11	2.934,91	31,12	392.765,80	15,31	509.962,37	15,96	0,10	0,58		
Desenvolvidos												
EE.UU.												
Canadá												
Xapón												
Resto Europa												
Endesenvolvemento												
América Latina	410,11	3,02	1.244,43	13,19	31.929,42	1,24	73.795,17	2,31	1,28	1,69		
N.P.I.	398,31	0,09	966,69	10,25	12.410,67	0,48	15.703,62	0,49	3,21	6,16		
RestoMundo	11,80		277,74	2,94	113,59	0,00	44.911,91	1,41	10,39	-		
España	880,53	6,68	2.688,81	28,51	19.405,16	0,76	13.179,64	0,41	-	2,11		
Total	13.172,77	100,00	9.431,27	100,00	2.565.319,86	100,00	3.195.954,96	100,00	0,51	0,30		

Fonte: Dirección General de Política Comercial e Inversiones Exteriores



CADRO 1.2.2.7. Expedientes de verificación/autorización de investimentos estranxeiros nas CC.AA. 1997-98

	(en millóns de pesetas)			98/97
	1997	%	1998	
Andalucía	160.514,81	5,18	105.040,84	3,29
Aragón	22.877,81	0,74	69.869,42	2,19
Asturias	158.160,75	5,10	16.896,70	0,53
Baleares	19.178,05	0,62	29.555,44	0,92
Canarias	82.679,54	2,67	68.108,17	2,13
Cantabria	27.651,65	0,89	5.353,42	0,17
Castela e León	27.990,48	0,90	33.903,16	1,06
Castela-A Mancha	6.927,65	0,22	26.016,93	0,81
Cataluña	692.462,39	22,33	897.938,12	28,10
C. Valenciana	46.191,91	1,49	50.082,76	1,57
Estremadura	2.512,25	0,08	3.424,33	0,11
Galicia	12.294,42	0,40	9.431,26	0,30
Madrid	1.333.168,38	43,00	1.597.200,01	49,98
Murcia	28.192,55	0,91	28.038,81	0,88
Navarra	251.279,08	8,10	36.419,86	1,14
País Vasco	203.225,24	6,55	200.796,57	6,28
A Rioxá	8.165,06	0,26	14.027,64	0,44
Ceuta-Melilla	-	-	205,81	0,01
Varias	12.429,34	0,40	3.645,68	0,11
Total	3.100.401,34	100,00	3.195.954,93	100,00
				3,08

Fonte: Dirección General de Economía Internacional y Transacciones Exteriores

España (17,23% fronte ó 8,77% en España), mentres que a importancia relativa do investimento por parte de empresas españolas con participación estranxeira maioritaria é similar en ámbitos dous xeográficos.

Atendendo á distribución de expedientes de verificación/autorización de investimentos estranxeiros por ramas de actividade, apréciase unha concentración importante en 4 sectores: “industria manufactureira”, “outras actividades sociais”, “actividade sanitaria” e “actividade inmobiliaria”. Entre todos eles, acollen ó 73,7% do investimento estranxeiro en Galicia. España presenta a mesma característica de concentración sectorial, xa que as súas catro ramas de actividade máis importantes acollen ó 87,7% do investimento estranxeiro (**cadro 1.2.2.8.**).

1.2.3.- Fondos da Unión Europea

No proceso de integración económica no que estamos inmersos, os distintos

países parten de situación desiguais. Para paliar esas diferencias existen na UE unha serie de fondos e iniciativas comunitarias destinadas a lograr unha maior converxencia real entre as distintas rexións.

Tal e como reflicte o **cadro 3.2.2.** (*Situación financeira dos instrumentos de política rexional*), o instrumento de Política Rexional máis importante é o **Feder**, xa que os pagamentos a prol da Comunidade Autónoma de Galicia (Obxetivo I) ascenderon a 57.190,4 millóns de pesetas, segundo os datos do Ministerio de Economía e Facenda. Estes pagamentos supuxeron o 18,14% dos efectuados ás comunidades autónomas consideradas obxetivo I e o 13,49% do total cobrado.

A contribución financeira do **Feoga-Orientación** en 1997, por aplicación dos recursos a 31/12/97, elevouse a 7.677,6 millóns de pesetas, o que supuxo o 12,26% do total aplicado polas comunidades e o 8,43% do total dos fondos, incluíndo os pendentes de aplicación.

CADRO 1.2.2.8.

Expedientes de verificación/autorización de investimentos estrañeiros en Galicia e España 1997-98: distribución segundo actividad económica

	Galicia				España				GE			
	1997		1998		1997		1998		1997		1998	
	Importe	%	Importe	%	Importe	%	Importe	%	Importe	%	Importe	%
A-Agric. gan. caza e servic.	-	-	163,00	1,73	4.552,64	0,18	15.291,39	0,48	-	-	1.07	
B-Pesca	-	-	36,08	0,38	0,00	1,41	1.539,70	0,05	-	-	2,34	
C-Ind. Extractiva	-	-	50,50	0,54	22.939,86	0,89	33.978,31	1,06	-	-	0,15	
D-Ind. Manufactur.	11.912,70	90,43	3.006,37	31,88	1.185.627,98	46,22	1.043.937,84	32,66	1.00	-	0,29	
E-Enerx. eléct. gas. auga	-	-	822,90	8,73	411,10	0,02	39.798,12	1,25	-	-	2,07	
F-Constr.	-	-	151,55	1,61	13.403,17	0,52	8.846,10	0,28	-	-	1,71	
G-Comerc. rep. vehíc.	659,83	5,01	351,51	3,73	298.589,33	11,64	492.893,42	15,42	0,22	-	0,07	
H-Hotelier.	-	-	207,07	2,20	25.027,21	0,98	19.422,59	0,61	-	-	1,07	
I-Transporte comunic.	1,24	0,01	547,47	5,80	31.372,74	1,22	95.061,92	2,97	-	-	0,58	
J-Interm. financieros	-	-	152,55	1,62	225.334,64	8,79	449.117,99	14,05	-	-	0,03	
K-Actividade imobiliaria	599,00	4,55	1.010,60	10,72	684.316,92	26,68	811.261,03	25,57	0,09	-	0,12	
M-Educacion	-	-	-	-	12,00	0,00	11.585,33	0,36	-	-	0,00	
N-Actividade Sanitaria	-	-	1.284,05	13,61	9.657,51	0,38	20.892,98	0,65	-	-	6,15	
O-Outr. activ. sociais	-	-	1.647,00	17,46	64.053,35	2,50	146.256,62	4,58	-	-	1,13	
Total	13.172,77	100	9.431,26	100	2.565.319,86	100	3.195.354,33	100	0,51	0,30		

Fonte: Dirección General de Economía Internacional y Transacciones Exteriores



CADRO 1.2.3.1.

Grao de execución do Programa Operativo de Galicia 1994-99: distribución segundo órganos ejecutores

	Programado	1998		Total 1994-1998	Programado	Total 1994-1998	(en miles de euros)
		Executado	%		Executado		
Administración central							
M. Agricultura y Pesca	172.628	181.342	105,05	870.360	764.261	956.365	764.261 79,91
M. Economía y Hacienda	2.032	3.971	195,42	9.237	16.429	11.371	15.176 133,46
M. Medio Ambiente	6.080	2.327	38,28	44.087	43.994	44.087	43.994 99,79
M. Fomento	3.225	-	-	5.160	1.002	19.41	8.385 1.002 11,95
161.291	175.044	108,53	81.876	704.090	86,72	892.522	704.090 78,89
Administración autonómica							
140.352	185.568	132,22	983.331	943.478	95,95	1.129.014	943.478 83,57
Empresas Públicas							
Sdad. Infraest. y Equip. Penitencia	53.467	56.434	105,55	341.882	289.488	385.467	289.488 75,10
Red Eléctrica de España S.A.	-	6.758	-	28.894	27.574	29.894	27.574 92,24
Empresa Nacional de Celulosas S.A.	-	-	-	20.032	21.900	109.32	20.032 109,32
Compañía Logística de Hidrocarburos	-	-	-	15.902	14.460	12.902	14.460 112,07
Telefónica de España S.A.	22.239	17.502	78,70	98.970	96.891	104.40	11.480 104,40
Rene	15.507	10.904	70,32	60.051	49.04	76.438	49.04 96,895
Feve	2.013	1.673	83,13	8.303	5.184	62.44	11.607 5.184 44,66
Sepes	0.748	2.250	300,76	17.798	13.236	74,37	17.798 13.236 74,37
Relevisión	5.526	4.085	73,93	21.409	11.063	51.67	25.903 11.063 42,71
Aena	0.890	5.220	586,30	12.657	18.648	147.33	12.657 18.648 147,33
Autor. Portuaria El Ferrol	2.292	-	-	10.774	7.738	71.82	10.774 71.82 71,738
Autor. Portuaria Marín-Pontevedra	0.677	1.355	200,18	9.678	7.269	75,11	9.678 7.269 75,11
Autor. Portuaria de Vigo	2.220	4.664	210,09	12.065	13.287	110,13	12.065 13.287 110,13
Autor. Portuaria de Vilagarcía	1.355	2.023	149,32	10.969	8.846	80,64	10.969 8.846 80,64
Outros	-	-	-	7.098	9.881	139,20	7.098 9.881 139,20
Total	366.447	423.344	115,53	2.202.671	2.007.107	91,12	2.477.944 2.007.107 81,00

Fonte: Dirección General de Análisis y Programación Presupuestaria

No que ó **IFOP** se refire, a contribución financeira por aplicación dos recursos a 31/12/97 ascendeu a 20.241,8 millóns de pesetas, o que representou o 23,73% do total aplicado polas comunidades autónomas e o 17,17% do total dos fondos incluíndo os pendentes de aplicación.

As axudas do **FSE** en 1997 ascenderon a 15.463,5 millóns de pesetas, sendo o número de persoas beneficiadas de 77.230. No reparto destes fondos, ó marco plurirrexional correpondéronlle un total de 10.222,9 millóns de pesetas e á comunidade autónoma, 5.240,7 millóns de pesetas, o que supuso o 8,67% do total das zonas obxectivo I e o 6,01% do total dos fondos.

Os pagamentos do **Fondo de Cohesión** recibidos pola C.A. de Galicia en 1997 ascenderon a 27.029,8 millóns, o que supuxo o 15,87% do total dos pagos recibidos durante ese ano.

Finalmente, o **cadro 1.2.3.1.** reflicte o grado de execución do Programa Operativo de Galicia 1998 e a súa distribución por órganos executores. Nel pódese apreciar que neste ano executouse un 15% máis do que se tiña presupostado. O principal órgano executor é a administración autonómica, con 185,57 millóns de euros (un 32,22% superior ó que estaba programado), seguida da administración central (especialmente o Ministerio de Fomento) con 181,34 millóns de euros.

No período 1994-99 executouse o 91,12% do total programado para ese período en Galicia, sendo o grado de execución no caso da administración galega do 95,95%. ■